

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 18 de xullo de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTE:**

D. Carlos López Font

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día dezoito de xullo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular accidental do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1154).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DUN MERCADO TRADICIONAL NO CENTRO HISTÓRICO DENTRO DO CONTEXTO DAS FESTAS DE VERÁN. EXPTE. 2759/335.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 27.05.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dun mercado tradicional no contorno do Casco Vello dentro do contexto das Festas de Verán 2008.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 53.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo á partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Verán) do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercizo.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DUN MERCADO TRADICIONAL NO CONTORNO DO CASCO VELLO NO CONTEXTO DAS FESTAS DE VERÁN 2008.*

Vigo, a      de xuño de dous mil oito.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. ENRIQUE MACÍAS CAMBRA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que o Concello de Vigo, a través da concellería de Animación sociocultural, ten entre as súas competencias a programación das Festas de Vigo, cunha serie de actividades e espectáculos, como un elemento de especial importancia que contribúa a transmitir os valores da cidade e situala como fonte de cultura, dentro dun marco estratéxico e comunicativo xeral da cidade.*

*2. Que a Concellería de Animación sociocultural ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é semana grande de festas de verán.*

*3. Que a celebración de parte das actividades das Festas de Verán na zona vella supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.*

*4. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración dun mercado tradicional con postos de artesanía e gastronomía no contorno do casco vello (dentro do contexto das Festas de Verán 2008, entre os días 8 e 16 de agosto), a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.*

*Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dun mercado tradicional no contorno do casco vello, dentro do contexto das Festas de Verán 2008, entre os días 8 e 16 de agosto, que persegue como principais fins:*

- a) Dar a coñecer parte da tradición a través do mercado, incluíndo demostracións de artes e oficios antigos.*

- b) *Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.*
- c) *Dinamizar cultural e socialmente o barrio.*
- d) *Recoñecer o Casco Vello e o seu contorno como unha alternativa cultural e de lecer.*

*Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 53.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (que consta no expediente), e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercizo económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.*

*Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

- 1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.*
- 2. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.*
- 3. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
- 4. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos:*
  - actividades levadas a cabo (con explicación detallada do seu desenvolvemento) e asistentes (número, perfil...);*
  - memoria de prensa;*
  - balance económico con detalle de gastos e ingresos definitivos;*
  - conta xustificativa comprensíbel dos gastos efectuados, na que se relacionen os seguintes datos de facturas: emisor, CIF/NIF, data, número, importes con todos os impostos incluídos e conceptos facturados; igualmente, achegaranse as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio, conforme o establecido no artigo 6 do RD 1496/2003 (os custos salariais correspondentes a gastos de persoal acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asinadas polo preceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social).*
- 5. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
- 6. A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.*

*Cuarta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto.*

*Quinta.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (53.000,00 euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0045.93.0040010217, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, segundo o seguinte:*

- Un primeiro pagamento á conta por importe de 26.500,00 euros, antes do día 8 de agosto.*
- Un segundo e último pagamento por importe de 26.500,00 euros, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 4, dentro dos trinta días seguintes á finalización da actividade. O pagamento realizarase previa certificación do responsábel do servizo de Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*Sexta.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Animación sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un técnico do Concello.*

*Sétima- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Oitava- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da ENTIDADE, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercizo autoricen os respectivos orzamentos.*

*En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.*

*Novena.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.*

*Décima.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican*

**2(1155).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/1912, 21/2119, 21/2094, 1/2128, 1/1201,1/1767, 4/1997, 22/2390, 23/252, 23/2051, 13/1966, 13/1713.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa e conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Amalia Montoto Montoto. Expte. 23/1912.
- D<sup>a</sup>. Delmira Dacasa Cortés. Expte. 21/2119.
- D<sup>a</sup>. Margarita Castro Cuadrado. Expte. 21/2094.
- D<sup>a</sup>. Consuelo Rodríguez Rial. Expte. 1/2128.
- D<sup>a</sup>. Josefa Amoedo Lago. Expte. 1/1201.
- D<sup>a</sup>. Verónica Alonso Loureiro. Expte. 1/1767.
- D<sup>a</sup>. Carmen Duarte Pena. Expte. 13/1713.
- D. Francisco Fernando Casal Tielas. Expte. 13/1966.
- D<sup>a</sup>. Carmen Magdalena Alonso. Expte. 23/2051.
- D<sup>a</sup>. Olga Silva Alonso. Expte. 23/252.
- D<sup>a</sup>. Rosa García Alfonso. Expte. 22/2390.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Prado Campos. Expte. 1997/4.

**3(1156).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 4/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informe da traballadora social responsable do Programa e conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Saa Ventosinos. Expte. 407/4.

**4(1157).- PROXECTO BÁSICO E CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO “ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE LOCAL COMO UNIDADES DE ACCIÓN SOCIAL DE CASTRELOS, LITORAL E COIA”. EXPTE. 33671/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Admón. Especial, do 10.07.08, conformado pola concelleira da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aproba-lo proxecto básico e de execución do “Acondicionamento interior de local como unidades de Acción Social de Castrelos, Litoral e Coia”, redactado pola oficina de Obras e Proxectos Municipais., cun presuposto de 560.000 euros, dos que 375.000 euros se imputarán á partida 3130.6320000 do orzamento de 2008 e 185.000 euros á mesma partida do exercicio 2009.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado con publicidade da execución do “Acondicionamento interior de local como unidades de Acción Social de Castrelos, Litoral e Coia”, así como a súa Folla de Especificacións do Contrato.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 560.000 euros , con cargo á P. 3130.632.00.00, para a execución do “Acondicionamento interior de local como unidades de Acción Social de Castrelos, Litoral e Coia”.

4º.- Convoca-la licitación para a selección do contratista por procedemento negociado con publicidade.

**5(1158).- SOLICITUDE DE PRADO SURF CLUBE CO PARA ORGANIZAR A 8ª EDICIÓN DO OPEN SKATE CIDADE DE VIGO “O MARISQUIÑO”, OS DÍAS 9 E 10 DE AGOSTO. EXPTE. 7911/333.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Prado Surf Clube Co, a organizar os vindeiros días 9 e 10 de agosto de 2008, a 8ª Edición do Open skate Cidade de Vigo, O Marisquiño, a celebrar no Paseo do Náutico na rúa Cánovas del Castillo, en horario de 9.00 horas ata ás 03.00 horas.”

**6(1159).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROXECTO DENOMINADO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO-ORNAMENTAL”. EXPTE. 5272/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego, do 14.07.08, co conforme do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.-Aprobar o proxecto denominado Obradoiro de Emprego “Vigo-Ornamental”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2.-Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula o Programa de Escolas obradoiro, Casas de oficios e Obradoiros de Emprego.

3.-Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais do ano 2009, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.”

**7(1160).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE PEZAS RELACIONADAS COA GUERRA DE INDEPENDENCIA ESPAÑOLA: BANDO DE CACHAMUIÑA E RETRATO DE JOAQUÍN TENREIRO. EXPTE. 3187/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado pola delegada de Patrimonio Histórico e presidenta da xunta reitora do Museo municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal á Universidade de Santiago de Compostela-Vicerreitoría de Cultura; para a exposición “Minerva e Marte. O batallón literario de 1808” a celebrar entre 22 de xullo e 21 de setembro de 2008; no Colexio de Fonseca (Santiago de Compostela); das seguintes obras e pezas da colección de historia da cidade do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: Bando de Cachamuiña nº inv. 8265; e e Retrato de Joaquín Tenreiro; nºs inv. 551; conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal, ademais das particulares establecidas para este préstamo; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

**8(1161).- ABOAMENTO DA COTA DE PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO NA RÚA ROMIL, 20. EXPTE. 18321/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de admón. especial de Patrimonio de data 22.04.08, coa conformidade do concelleiro delegado e máis cun selo co “intervido e conforme” da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios do edificio situado na rúa Romil 20, no que este Concello é propietario dun baixo situado en dito inmovible, que representa unha cota de participación do 14%, a cantidade de 2.528,58 euros, correspondentes ós gastos comunitarios dos anos 2004, 2005, 2006 e 2007 así como a cota de participación nas obras de reparación que se levaron a cabo.

**9(1162).- ALTA INVENTARIAL SOBRE A PROPIEDAD 266 “TERREO EN PEDREGAL-VALADARES” O EDIFICIO DENOMINADO CENTRO SOCIO-CULTURAL “O PEDREGAL”. EXPTE.3343/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de admón. xeral de Patrimonio de data 07.07.08, coa conformidade do xefe do servizo e máis do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Dar de alta sobre a propiedade 266 “terreo en Pedregal-Valladares” o edificio denominado Centro Socio-Cultural “O Pedregal”, de acordo coa seguinte descrición:

“Urbana, edificación, denominada Centro Cultural e Veciñal de Valladares, construída sobre unha parcela de propiedade municipal de superficie 20. 696, 00 m2, nº de inventario 266, situada no camiño de Valada s/n; propietario Concello de Vigo. Consta de dous plantas, ocupando una superficie de 1.557, 60 m2 a primeira planta e 577, 40 m2 a segunda planta, sendo a superficie total construída de 2.135,00 m2. Título de adquisición: cesión gratuíta da Xunta de Galicia. Ano de construción: 2005 (acta de recepción de 21/12/2005). Clasificación xurídica: dominio público. Valor de taxación: 1.687.951, 35 €. Referencia catastral 54057A208002900000YT.”

2º.- Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade interesando a inscrición rexistral do edificio denominado Centro Socio-Cultural “O Pedregal.

3º.- Dar traslado do presente acordo ó vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento ós efectos oportunos.”

**10(1163).- SOLICITUDE DE D. FÉLIX GOBERNO COSTAS DE ENTREGA DOS ENSERES DO ANTIGO RESTAURANTE AS DORNAS. EXPTE. 18367/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Patrimonio de data 04.07.08, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Denegar a solicitude formulada por D. Félix Goberna Costas sobre os enseres do antigo Restaurante As Dornas, ao se tratar de bens obxecto de reversión ao patrimonio municipal, consonte o disposto na cláusula VII. do prego de condicións que rexeu a concesión administrativa para a construción e explotación do restaurante na praia de Samil, aprobado por acordo plenario do 30.05.1975.

**11(1164).- DOAZÓN DE PARQUE INFANTIL NA PRAZA FERNANDO CONDE MONTERO-RÍOS POLA ENTIDADE QUELVITRIZ S.L. E AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA. EXPTE. 18152/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Patrimonio de data 01.07.08, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a doazón, pola entidade QUELVITRIZ SL, dos elementos e instalacións do parque infantil na praza interior Fernando Conde Montero-Rios descritos na memoria presentada o 26.11.2007.

SEGUNDO.- Declarar resolta a autorización administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local o 28 de xaneiro de 2008 a prol de QUELVITRIZ SL.

TERCEIRO.- Autorizar a QUELVITRIZ SL a utilización especial do dominio público mediante a instalación e uso dun área de xogos infantís na Praza interior Fernando Conde Montero-Rios, de acordo co proxecto presentado, e co sometemento ás seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1.- A autorización comprende exclusivamente o dereito ao uso do parque infantil da Praza interior Fernando Conde Montero-Rios pola interesada, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin, como patio de xogos da escola infantil a instalar nos baixos do edificio “Residencial Fraga” na devandita Praza, en horario escolar, debendo quedar o resto do tempo para uso público dos cidadáns.

2.- QUELVITRIZ SL instalará, ao seu cargo, o parque infantil proxectado, baixo a dirección e supervisión dos técnicos municipais da concellería de Parques e Xardíns.

No prazo de 15 días, dende a data de remate da obra, asinarase a correspondente acta de recepción e toma de posesión polo Concello da instalación, á que se anexará pola interesada o certificado de instalación consonte se instalou correctamente.

3.- A interesada deberá comunicar ao Servizo Municipal de Educación, previamente ó inicio da actividade e con anterioridade ó comenzo de cada curso escolar, o horario previsto do uso das instalacións pola devandita escola infantil.

Todos os gastos de mantemento, conservación, reparación ou substitución das instalacións do parque infantil, durante dito horario lectivo ou que resulten do aproveitamento especial autorizado, corresponderalle á entidade autorizada.

4.- QUELVITRIZ SL responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia da utilización e funcionamento do parque durante o horario lectivo.

5.- A presente autorización resulta condicionada ao outorgamento da correspondente licenza urbanística, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, ao proxecto de instalación do parque infantil, e sen prexuízo das demais autorizacións que requira.

No prazo dun ano, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, deberá terse outorgada dita licenza urbanística.

6.- A presente autorización estará suxeita ao aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, de acordo co disposto na ordenanza fiscal reguladora das taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local.

7.- A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 600 € (seiscentos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público, na operación de instalación do parque infantil e durante o exercicio da súa autorización, así como do cumprimento das demais obrigas previstas na presente autorización.

8.- A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogable tacitamente por períodos anuais se non media denuncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).

O prazo computarase dende a data da notificación da licenza urbanística a que se atopa condicionada a autorización.

9.- A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.

10.- A autorización extinguirase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.
- b) Renuncia da empresa á autorización.
- c) Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.
- d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- e) A non concesión da licenza urbanística no prazo previsto.
- f) Disolución, fusión ou escisión da empresa.
- g) Revogación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sen xerar dereito á indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.

11.- A presente autorización formalizarase en documento administrativo nun prazo de 15 días desde a data da notificación do acordo municipal que a outorga.

CUARTO.- Proceder, tras os trámites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.

QUINTO.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, o parque infantil no Inventario Municipal de bens e dereitos.

**12(1165).- AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN DAS PRAIAS CON QUIOSCOS DE TEMPORADA 2008. EXPTE. 18286/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co acordo adoptado na Mesa de Contratación en sesión do 16 de xullo de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o Lote 10, quiosco M, á M<sup>a</sup> Isabel Costas Costas, polo prezo de 2.800,00 euros, e o Lote nº 5 quiosco E, á Obdulia Lastra Francisco, polo prezo de 3.305,00 euros, conforme as ofertas presentadas e ós pregos de condicións para a ocupación e explotación de servizos de temporada nas praias do termo municipal do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2005.

**13(1166).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ISABEL COSTAS FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1686/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio de data 08.07.08, coa conformidade do xefe do servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Desestimar a reclamación formulada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isabel Costas Fernández, en data 24 de xullo de 2007, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta como consecuencia dunha caída acontecida o día 11 de xuño do mesmo ano na rúa Pi y Margall, ó non resultar convenientemente probada a existencia de relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

**14(1167).- RECLAMACIÓN DE D. JESÚS RAMOS RAMOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1175/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio de data 04.07.08, coa conformidade do xefe da Unidade e máis co selo de “intervido e conforme” da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar parcialmente a reclamación formulada por D. Jesús Ramos Ramos, en data 31 de xullo 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 13.404,59 € en concepto de danos e prexuízos.

2º.- Comunicar o presente acordo á MAPFRE EMPRESAS, para que proceda ó aboamento da cantidade consignada no apartado anterior, con exclusión do importe da franquía (9.000 €).

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral deste Concello para que proceda o aboamento dos 9.000 € correspondentes ó importe da franquía.

**15(1168).- INCLUSIÓN DO POLICÍA LOCAL D. JOSÉ MIGUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ NO PROGRAMA DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL, AUTORIZADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16-06-018. EXPTE. 33730/212.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta da técnica da Relacións Humáns, do 15.07.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e o visto e prace do concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a adhesión ao programa de reforzos da Policía Local, aprobado o 11 de febreiro e ampliado en canto a número de xornadas en sesión de data 16 de xuño de 2008, do funcionario con posto de policía local D. José Miguel Rodríguez Rodríguez no programa de reforzos autorizado para o servizo da Policía local o pasado 16 de xuño de 2008.

**16(1169).- PRODUCTIVIDADE MAQUINARIA PESADA 2º SEMESTRE 2008. EXPTE. 18345/220.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta da técnica da Relacións Humáns, do 9.07.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e co informe do Interventor Xeral, do 15.07.2008, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Central de Servizos e Parque Móvil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2008, aos traballadores que figuran nas relacións que se achega no expediente e que comenza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don Jose Manuel Villaverde Villaverde (Parque Móvil) e D Miguel Angel Alonso Alonso (Parque Central de Servizos) e que ascenden a un total de **1.905,48 €**, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-”

**17(1170).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL (SEN SER OFICIAL), 2º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18346/220.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta da técnica da Relacións Humáns, do 9.07.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e co informe de fiscalización do Interventor Xeral, do 15.07.2008, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Parque Central de Servizos, Parque Móvil, Bombeiros, Cultura e Montes, Parques e Xardíns, aboaráselles por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 1.508,70 € , correspondentes ó 2º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**18(1171).- PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS A Dª MARTA NÚÑEZ ABOY 1º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 10810/331.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta da técnica da Relacións Humáns, do 26.05.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e co informe de fiscalización do Interventor Xeral, do 8.07.2008, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecer á administrativa de admón.Xeral, Dª Marta Nuñez Aboy, un complemento de productividade por importe de 1380,95 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento específico do posto 191 técnico de actividades culturais e educativas, porto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de xaneiro de 2008.”

**19(1172).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL 2º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18350/220.**

Examinadas as actuacións e de acordo co informe-proposta da técnica da Relacións Humáns, do 9.07.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e co informe do Interventor Xeral, do 14.07.2008, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Vias e Obras, Desinfeccion e Sanidade, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 811,80 € , correspondentes ó 2º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**20(1173).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2008. EXPTE. 18344/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 09.07.08 emitido pola técnica de RRHH, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e máis polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 14 do mesmo mes, a xunta de Goberno Local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da cidade, aos traballadores D Antonio Amoedo Garcia, D. Antonio Gil González e a D. Florentino Prieto Domínguez que figuran na relación adxunta e que supón un total de 79,83 €, correspondente ó mes de xuño 2008 con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**21(1174).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2008. EXPTE. 18353/220**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 09.07.08 emitido pola técnica de RRHH, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e máis polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 14 do mesmo mes, a xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade aboaranse ó persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achega e que comezan por don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de xullo de 2008 e que ascenden a un total 597,25 € , con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**22(1175).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “HUMANIZACIÓN ENTORNO CALVARIO. LOTE II. RÚA LEÓN”. EXPTE. 722/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta emitido polo xefe da área dos Servizos Económicos con data 14 de xullo de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra "Humanización do contorno Calvario. Lote II. Rúa León".

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MOVEX VIAL, SL, a cal á súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á Autoridade Laboral competente, ó servizo de

prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, do 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a), b), c), d), e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes ou concorrente na obra e ós representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real decreto 1627/1997).

**23(1176).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “HUMANIZACIÓN ENTORNO CALVARIO. LOTE II. RÚA CATALUÑA”. EXPTE. 723/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta emitido polo xefe da área dos Servizos Económicos con data 14 de xullo de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra "Humanización do contorno Calvario. Lote II. Rúa Cataluña".

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MOVEX VIAL, SL, a cal á súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á Autoridade Laboral competente, ó servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, do 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a), b), c), d), e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes ou concorrente na obra e ós representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real decreto 1627/1997).

**24(1177).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “HUMANIZACIÓN ENTORNO CALVARIO. LOTE I. RÚA SAGUNTO”. EXPTE. 750/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta emitido polo xefe da área dos Servizos Económicos con data 14 de xullo de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra "Humanización do contorno Calvario. Lote I. Rúa Sagunto".

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MOVEX VIAL, SL, a cal á súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á Autoridade Laboral competente, ó servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, do 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a), b), c), d), e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes ou concorrente na obra e ós representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real decreto 1627/1997).

**25(1178).- PROXECTO DE CONVENIO ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 2252/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 21.05.08 emitido pola xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira de Xuventude e co intervido e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, que se transcribe ó final deste acordo..

Segundo.- Aprobar o gasto de 25.335 euros a favor da entidade; Asociación Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.806.917. con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

Terceiro.- Facultar á Concelleira de Xuventude, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos, para a sinatura do presente convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .*

*En Vigo,*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, A concellería delegada de Xuventude Dña. Iolanda Veloso Ríos, en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Elena Elvira Piñeiro García, con D.N.I.11.395.179-J en representación do Asociación Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.627.495.*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercizo das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas .*

*EXPOÑEN*

*Que a Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo.*

*Que a Concellaría de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nenas e nenos Calvario.*

*Que a Asociación de ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA está interesada en fomentar e potenciar a participación de todos os tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.*

*Que, ademáis, dita asociación conta con espazos onde poder levar a cabo actividades lúdicas, de educación non formal e así como de atención .*

*Que a ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA vén colaborando coa Concellaría de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .*

*Que a ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA non está incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 LXS ( artigo 13 LXS).*

*Que en aras do interese social que para a cidade de Vigo teno desenvolvemento desta actividade, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana conveñen a realización do mesmo sendo o Asociación Hoy por Mañana unha entidade que conta cos medios adecuados e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal. Polo que se establecen as seguintes:*

## ESTIPULACIÓNS:

*PRIMEIRA - A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a Lei de Subvencións de Galicia a Lei 9/2007 do 13 de xuño; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interés público e social dado que a actividade a desenvolver vai dirixida á ocupación do ocio e tempo de lecer dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e 10 anos, dun xeito lúdico e formativo, polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22.2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia que ten esta actividade a nivel socio-educativo cara a poboación infantil e xuvenil.*

*A presente subvención é incompatible coa percepción doutras para a mesma finalidade.*

*Por outra banda esta é unha das dúas entidades que ten capacidade organizativa para desenvolver un programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca na cidade de Vigo, sendo as outra obxecto de posterior convenio con esta Concellaría, razón pola que a subvención que regula este convenio non obedece aos principios de publicidade e concorrencia.*

*O Asociación Hoy por Mañana para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.*

*En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS, estando autorizada a subcontratar con terceiros a execución de actividades de carácter excepcional que non constitúan a totalidade do obxecto da subvención, como poden ser: actuacións, viaxes para as visitas e excursións e festas e animacións especiais. A porcentaxe non poderá superar o 75% do orzamento total.*

*SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:*

*2.1.- Autorizar o desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2008.*

*2.2.- Aboar ao Asociación Hoy por Mañana a cantidade de 25.335 € (VINTECINCO MIL TRESCENTOS TRINTA E CINCO) EUROS pola organización e desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2008, con cargo á partida 4520.489.00.00 "Subvencións Actividades" do orzamento en vigor. Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos. O primeiro deles anticipado á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.667,5 €) á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante (12.667,5 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

*A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade*

*TERCEIRA.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a través da Concellaría de Xuventude:*

*3.1.- Aboar a cantidade de 25.335 € á ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA, mediante transferencia bancaria á conta corrente número.*

*3.2.- Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos. Para isto, o persoal técnico da Concellaría de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

CUARTA.- A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA, asume as seguintes obrigas:

4.1. Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización. Este programa será levado a cabo nas instalacións da Asociación Hoy por Mañana R/ Sagunto, 86. durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño,xullo, setembro, novembro e decembro do ano 2008.

Para o desenvolvemento destas actividades, Asociación Hoy por Mañana presenta un PROXECTO onde se recollen, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I..

4.2. Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación Hoy por Mañana R/ Sagunto, 86.

4.3. Atenderáanse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.

4.4. Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

4.5. Cumprir o horario de prestación do Servizo que será:

- De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs.todos os meses do ano a excepción do mes de xullo que será de 9:30 a 13:30 h e de agosto que non se prestará o servizo. Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servizo de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA.

As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrompido nos días e horarios indicados.

4.6. Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servizo. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.

4.7. Desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e teráse en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servizos.

4.8. Prestar o Servizo trato e sen discriminación d@s usuarios do servizo.

4.9. Dispor do material necesario para o desenvolvemento da actividade.

4.10 Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo isto en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecimento detallado por parte do Concello de Vigo.

4.11. Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca.

4.12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades, así como dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra calquera incidencia con respecto aos usuarios.

4.13. *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.*

4.14. *Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de dar o visto e praxe á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento desta actividade, vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e praxe do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.*

4.15 *Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servizo e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.*

*QUINTA.- A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA será o encargado de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicación, debendo contar co visto e praxe do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela. Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellaría de Xuventude, Concello de Vigo.*

*A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a través da xefatura de servizo de xuventude.*

*SEXTA. No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*

*SEPTIMA.- O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Xuventude do Excmo. Concello de Vigo. A través do Servizo de Xuventude, aportaranse os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*OITAVA.- A aceptación por parte da Asociación Hoy por Mañana da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades Xuvenís sen fin de lucro.*

*O Servizo de Xuventude, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de ser o caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.*

*As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.*

*A entidade Asociación Hoy por Mañana deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o organización da actividade obxecto deste convenio.*

*NOVENA. Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e aboamento da subvención.*

*1.- Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade (art. 31 LXS ) e recollidos no orzamento presentado pola Asociación Hoy por Mañana, incluídos os gastos financeiros correspondentes á actividade obxecto de subvención.*

2.- A subvención de 25.335 € aboárase en dous pagos. Un do 50% á sinatura do presente convenio trala súa aprobación, e outro do 50% restante unha vez rematadas as actividades obxecto de convenio. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que conterá:

- a) Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor, concepto de gasto, importe e data de emisión.
- b) Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade.
- c) Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Declaración xurada da entidade beneficiaria, na que se acrediten os seguintes extremos:
  - Que os xustificantes dos gastos que se presentan foron aplicados á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Declaración doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade con indicación do importe e a súa procedencia
  - Declaración de encontrarse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ós efectos da aplicación no momento do pago do réxime simplificado previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia

3.- A Xefa do Servizo de Xuventude será a encargada do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

4.- O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

Lido por ambas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

## ANEXO I

### I. FINALIDADES DOS SERVIZOS.-

As finalidades do servizo a prestar concréntanse entre outras conexas, complementarias e inter-relacionadas, nas seguintes específicas:

#### A) LUDOTECA

- 1.- Ofrecer os servizos, actividades e recursos para que @s nen@s, e a través do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.
- 2.- Propiciar a práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.
- 3.- Fomentar a cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.
- 4.- Estimular a creatividade a través da expresión oral, plástica, etc.

- 5.- *Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*
- 6.- *Fomentar os hábitos de:*
  - *Hixiene, convivencia.*
  - *Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*
- 7.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*
- 8.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*
- 9.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*
- 10.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*
- 11.- *Fomentar a capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*
- 12.- *Fomentar o coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*
- 13.- *Fomentar a capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*
- 14.- *Fomentar o deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se sitúa o espazo lúdico.*
- 15.- *Control e estudo dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a través do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*
- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*
- 21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*
- 22.- *Buscar a integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a través do xogo.*

## II. *CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO SERVIZO.-*

A) *Desenvolver as actividades de cada un dos servizos que serán, de xeito xenérico:*

### 1.- LUDOTECA

- *Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*
- *Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*
- *Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*
- *Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*

- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servizo.
- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca

**26(1179).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LAVADORES PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 2221/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 20.05.08 emitido pola xefa do Servizo de Xuventude, conformado pola concelleira de Xuventude e co intervido e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se transcribe ó final deste acordo..

Segundo.- Aprobar o gasto de 31.200 euros a favor da entidade; Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF G-36.633.618 con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

Terceiro.- Facultar á Concelleira de Xuventude, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos, para a sinatura do presente convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .*

*En Vigo,*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, A concelleira delegada de Xuventude D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos, en representación do Excmo. Concello de Vigo ( CIF P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, D. Emilio Pazos González , con DNI .....en representación da Asociación Veciñal e Cultural de Lavadores, CIF G-36.6633618.*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercizo das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*

**EXPOÑEN**

*Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo.*

*Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en Lavadores.*

Que a Asociación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.

Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES non está incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 LXS ( artigo 13 LXS).

Que, ademais, dita asociación conta con espazos onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.

Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 1999 na realización de actividades .

Que en aras do interese social que para a cidade de Vigo teno desenvolvemento desta actividade, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores conveñen a realización do mesmo sendo a Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores a única entidade que conta con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar este actividade que ten un claro interese publico e zonal. Polo que se establecen as seguintes:

#### ESTIPULACIÓNS:

**PRIMEIRA.-** A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presente subvención é incompatible coa percepción de outras para a mesma finalidade.

En canto á subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS, estando autorizada a subcontratar con terceiros a execución de actividades de carácter excepcional que non constitúan a totalidade do obxecto da subvención, como poden ser: actuacións, viaxes para as visitas e excursións e festas e animacións especiais.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social dado que a actividade a desenvolver vai dirixida á ocupación do ocio e tempo de lecer dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 7 e 12 anos, dun xeito lúdico e formativo, polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia que ten esta actividade a nivel socio-educativo cara a poboación infantil e xuvenil. Por outra banda esta é unha das dúas entidades que ten capacidade organizativa para desenvolver un programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca na cidade de Vigo, sendo a outra obxecto de posterior convenio con esta Concellería, razón pola que a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència.

**SEGUNDA-** O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1- Autorizar o desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2008.

2.2.- Aboar á Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores a cantidade de 31.200 € (TRINTA E UN MIL DOUS CENTOS ) EUROS pola organización e desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2008, con cargo á partida 4520.489.00.00, “Subvencións Actividades” do orzamento en vigor. Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado á

sinatura do presente convenio do 50% do importe total (15.600 €) e outro do 50% restante (15.600€) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

TERCEIRA.- Corresponderá ao CONCELLO DE VIGO, a través da Concellería de Xuventude:

1.- Aboar a cantidade de 31.200 € á ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0130.2. 5.0040003704 de CAIXANOVA.

2.- Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos. Para isto, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

CUARTA.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES, asume as seguintes obrigas:

1.- Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización. Este programa será levado a cabo nas instalacións da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES durante todo o ano 2008.

Para o desenvolvemento destas actividades, a Asociación de Veciños de Lavadores presenta un PROXECTO onde se recollen, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I.

2.- Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio. As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación "Villa Galicia" de Lavadores, en Barreiro.

3.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas

4.- Cumprir o horario de prestación do Servizo que será:

De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto que non se prestará o servizo. Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servizo de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrompido nos días e horarios indicados.

5.- Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servizo. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.

6.- Desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e terase en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servizos.

7.- Prestar o Servizo trato e sen discriminación d@s usuarios do servizo.

- 8.- *Dispor do material necesario para o desenvolvemento da actividade.*
- 9.- *Presentar memoria descritiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecemento detallado por parte do Concello de Vigo.*
- 10.- *Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.*
- 11.- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.*
- 12.- *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.*
- 13.- *Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servizo de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.*
- 15.- *Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servizo e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.*

*QUINTA:- A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES será a encargada de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicitación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.*

*Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellaría de Xuventude, Concello de Vigo.*

*SEXTA. No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.*

*SÉTIMA O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.*

*A Concellaría de Xuventude, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*OITAVA. A aceptación por parte da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades Xuvenís sen fin de lucro.*

*O Servizo de Xuventude, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*

*Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.*

*As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS*

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e Deportiva de Lavadores deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da actividade obxecto deste convenio.

NOVENA. Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

1.- Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade ( art. 31 LXS ) e recollidos no orzamento presentado pola Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores, incluídos os gastos financeiros correspondentes á actividade obxecto de subvención.

2.- A subvención de 31.200 € aboárase en dous pagos. Un do 50% á sinatura do presente convenio trala súa aprobación, e outro do 50% restante unha vez rematadas as actividades obxecto de convenio. O beneficiario xustificará a concesión outorgada coa presentación dunha conta xustificativa que conterá:

- a) Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor, concepto de gasto, importe e data de emisión.
- b) Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade.
- c) Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Declaración xurada da entidade beneficiaria, na que se acrediten os seguintes extremos:
  - Que os xustificantes dos gastos que se presentan foron aplicados á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Declaración doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade con indicación do importe e a súa procedencia.
  - Declaración de encontrarse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ós efectos da aplicación no momento do pago do réximen simplificado previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia

3.- A Xefa do Servizo de Xuventude será a encargada do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

Lido por ambas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

## ANEXO I

### I. FINALIDADES DOS SERVIZOS-

As finalidades do servizo a prestar concrépanse entre outras conexas, complementarias e inter-relacionadas, nas seguintes específicas:

#### A) LUDOTECA

1.- Ofrecer os servizos, actividades e recursos para que @s nen@s, e a través do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.

- 2.- *Propiciar a práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.*
- 3.- *Fomentar a cooperación e participación social d@s nen@s, aumentar a comunicación e mellora-lo nivel de relación.*
- 4.- *Estimular a creatividade a través da expresión oral, plástica, etc.*
- 5.- *Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*
- 6.- *Fomentar os hábitos de:*
  - *Hixiene, convivencia.*
  - *Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*
- 7.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*
- 8.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*
- 9.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*
- 10.- *Fomentar o coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*
- 11.- *Fomentar a capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*
- 12.- *Fomentar o coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*
- 13.- *Fomentar a capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*
- 14.- *Fomentar o deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se sitúa o espazo lúdico.*
- 15.- *Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a través do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*
- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*
- 21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*
- 22.- *Buscar a integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a través do xogo.*

## II. *CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO SERVIZO.-*

*O contratista comprometerase a:*

A) *Desenvolver as actividades de cada un dos servizos que serán, de xeito xenérico:*

1.- LUDOTECA

- *Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*
- *Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*
- *Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*
- *Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co mercado no apartado I, finalidades.*
- *Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servizo.*
- *Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca*

**27(1180).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 24.000 € A FAVOR DE TASOGA S.L. EN CONCEPTO DE XESTIÓN DE LUDOTECAS DE COIA E CASA DA XUVENTUDE DOS MESES MARZO E ABRIL. EXPTE. 2272/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordoc o informe-proposta do interventor xeral, do 19.06.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 12.06.08, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura nas facturas número 17/2008 e 18/2008 de Tasoga S.L, CIF B 36.199.412, en concepto de xestión de Ludotecas de Coia e Casa da Xuventude dos meses de marzo e abril respectivamente, que se achegan no expediente por un importe total de 24.000 €, con cargo á partida 4520.2270600 “*Ludoteca casa da Xuventude e Coia*” do programa presupostario da Concellaría da Xuventude para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Tasoga S.L, CIF B 36.199.412 , por un importe total de 24.000 €, en concepto de xestión de Ludotecas de Coia e Casa da Xuventude dos meses de marzo e abril ,con cargo á partida 4520.227.06.00 “ *Ludoteca casa da Xuventude e Coia*”, do programa presupostario da Concellaría da Xuventude para o exercicio 2008.

3º.- Aboar á “Tasoga S.L, CIF B 36.199.412 ” , por un importe total de 24.000 €, con cargo á partida 4520.227.06.00 “*Ludoteca casa da Xuventude e Coia*” do programa presupostario da Concellaría da Xuventude para o exercicio 2008.”

**28(1181).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 9.161,67 € A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS S.L. EN CONCEPTO DE SERVIZO CASA DA XUVENTUDE. EXPTE. 2271/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordoc o informe-proposta do interventor xeral, do 19.06.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 10.06.08, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número na factura núm. X07/08 de Xoma Inicativas Sociais S.L, CIF B 36.873.925, en concepto de Servizo Casa da Xuventude 22 de abril-14 de maio, que se achega no expediente por un importe total de 9.161,67 € con cargo á partida 4520.2270603 “*Servizos de Información Xuvenil*” do programa presupostario da Concellaría da Xuventude para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Xoma Iniciativas Sociais S.L, CIF B 36.873.925 , por un importe total de 9.161,67 €, en concepto de Servicio Casa da Xuventude, e adicado á prestación dos *Servizos de Información Xuvenil 22 de abril-14 de maio* , ,con cargo á partida 4520.227.0603 “servizos de Información Xuvenil”, do programa presupostario da Concellería da Xuventude para o exercicio 2008.

3º.- Aboar á “Xoma Iniciativas Sociais S.L, CIF B 36.873.925” , por un importe total de 9.161,67 €, con cargo á partida 4520.227.0603 “*Servizos de Información Xuvenil*” do programa presupostario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2008.”

**29(1182).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 2.658,06 € A FAVOR DE D<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ EN CONCEPTO DE XESTIÓN DO PUNTO XOVE. EXPTE. 2274/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do interventor xeral, do 19.06.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 13.06.08, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número 05/2008 por importe de 5.695,85 € e na factura nº 06/2008 por importe de 2.658,06€, de Concepción Cuña Pérez N.I.F.36.091261 Y, en concepto Xestión do Punto Xove durante o mes de abril e do 1 ao 14 de maio , que se achegan no expediente, con cargo á partida 4520. 227.06.21 “*Apertura e Xestión Punto Xove*” do programa presupostario da Concellería da Xuventude para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Concepción Cuña Pérez N.I.F.36.091261 Y, por un importe total 8.353,91 € , en concepto Xestión do Punto Xove do mes de abril e do 1 ao 14 de maio con cargo á partida 4520. 227.06.21 “*Apertura e Xestión Punto Xove*” do programa presupostario da Concellería da Xuventude para o exercicio 2008

3º.- Aboar á “Concepción Cuña Pérez N.I.F.36.091261 Y” , por un importe total de 8.353,91€, con cargo á partida 4520.227.06.21 “*Apertura e Xestión Punto Xove*” do programa presupostario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2008.

**30(1183).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 24.000 € A FAVOR DE FESAN EN CONCEPTO DE XESTIÓN LUDOTECAS COIA E CASA DA XUVENTUDE. EXPTE. 2273/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordoc o informe-proposta do interventor xeral, do 23.06.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 13.06.08, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura nas facturas número 2008/D/08, de data 16 de maio por importe de 6.697,50 € de FESAN, CIF G 15.597.669, en concepto Xestión Ludotecas Coia e Casa da Xuventude dende o 1 ao 15 de maio, que se achega no expediente por un importe total de 24.000 €, con cargo á partida 4520.227.06.00 “*Ludoteca casa da Xuventude e Coia*” do programa presupostario da Concellaría da Xuventude para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de FESAN, CIF G 15.597.669, por un importe total 6.697,50 € , en concepto de xestión de Ludotecas de Coia e Casa da Xuventude dende o 1 ao 15 de maio ,con cargo á

partida 4520.227.06.00 “*Ludoteca casa da Xuventude e Coia*”, do programa presupostario da Concellaría da Xuventude para o exercicio 2008.

3º.- Aboar á “FESAN, CIF G 15.597.669” , por un importe total de 6.697,50 €, con cargo á partida 4520.227.06.00 “*Ludoteca casa da Xuventude e Coia*” do programa presupostario da Concellaría de Xuventude para o exercicio 2008.”

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **31(1184).- CESIÓN DE PARCELA MUNICIPAL 16-B2 DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO Ó CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DÍA PARA MAIORES.EXPTE. 33230/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 14.07.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas (LPAP).*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).*

#### **ANTECEDENTES**

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de maio de 2007, solicitou a cesión de uso, por parte do Excmo. Concello de Vigo, de 2. 400 m2 da propiedade municipal nº 4081, situada no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo , co obxecto de construír na mesma un centro de día para persoas maiores.

Pola Concelleira Delegada de Benestar Social, en data 22 de maio de 2008, formulouse proposta favorable á solicitude de cesión gratuíta da parcela a favor do consorcio solicitante, de cara a dotar ó parque tecnolóxico e loxístico dun equipamento social necesario, incrementando o nivel de cobertura social do municipio.

Durante a instrución do expediente emitíronse informes polos seguintes servizos:

- a) *Oficina de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, en datas 23 de xuño e 3 de xullo de 2008.*
- b) *Oficina do Inventario Municipal, en data 2 de xullo de 2008.*
- c) *Oficina de Xestión e Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en datas 1 e 4 de xullo de 2008.*

#### *FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 14 de xullo de 2008, acordou segregar da parcela de propiedade municipal denominada parcela nº 16 B, sita no Parque Tecnolóxico e Loxístico desta cidade, unha parcela coa seguinte descrición:*

*Propietario: Concello de Vigo.*

*Nº inventario: 4293.*

*Título de adquisición: proxecto de reparcelación.*

*Denominación: Parcela nº 16-B2.*

*Natureza xurídica: dominio público.*

*Situación: Estrada do Portal, Parroquia de Valladares, Concello de Vigo.*

*Superficie total: 2.440´97 m2.*

*Linde Norte: Liña de 86´73 m resto de finca matriz propiedade do Concello.*

*Linde Sur: Liña de 81´50 m. Parcela 16-B1.*

*Linde Este: Liña de 20´00 m. Estrada do Portal.*

*Linde Oeste: Liña de 39´56 m. Terreos anexos á Estrada Clara Campoamor.*

*Folla cartográfica: 19 M.*

*Escala: 1/500.*

*Valor taxación: 292. 916´40 €.*

*Segundo.- O patrimonio das entidades locais está constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen (artigo 1 RBEL e 263.1 LALG). Os bens de propiedade local se clasifican en bens de dominio público e patrimoniais (artigo 2.1 RBEL e 263.2 LALG), integrando a categoría de bens de dominio público ou demaniais os destinados a un uso público ou afectos a un servizo público (artigo 2.2 RBEL e 263.1 LALG), caso da propiedade obxecto do presente expediente, pois en función da súa natureza, os bens de equipamento son clasificados como bens de dominio público afectos a un uso ou servizo local (artigo 165 LOUGA). Os bens de dominio público deberán aplicarse por imperativo legal ó uso xeneral ou ó servizo público, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas (artigo 6.c LPAP).*

*A inclusión dun ben na categoría de ben demanial ven determinada pola súa afectación. A afectación determina a vinculación dos bens e dereitos á un uso xeral ou un servizo público e a súa conseguinte integración no dominio público (artigo 65 LPAP).*

*Salvo que a afectación derive dunha norma con rango legal, esta deberá facerse en virtude de acto expreso polo órgano competente, no que se indicará o ben ou dereito a que se refira, o fin ó que se destina, a circunstancia de quedar aquel integrado no dominio público e o órgano ó que corresponda o exercizo das competencias demaniais, incluídas as relativas a súa administración, defensa e conservación (artigo 66.1 LPAP). No presente caso a afectación ó uso público a determina o planeamento, no entanto, é preciso concretar o fin concreto ó que se vai adicar así como o órgano que exercerá as competencias demaniais.*

*Así, a cesión ten por obxecto a construción e explotación polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dun centro de día para persoas maiores, que é un servizo público de carácter social. Este uso para o que se solicita a cesión é compatible co uso asignado a esta parcela no Plan Parcial do Parque Tecnolóxico, regulado na ordenanza 6 que prevé “corresponde a zonas destinadas a albergar dotacións culturais e sociais de*

carácter público. O uso predominante será o cultural e social”. E o exercizo das competencias dominicais con respecto á parcela 16-B2 lle corresponderá ó servizo de Benestar Social.

Terceiro.- O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, creada en virtude de convenio de colaboración, de data 3 de xullo de 2006, asinado entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos, coa finalidade de participar na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados. Ten por obxecto garantir no territorio galego un nivel homoxéneo de servizos e a equiparación dos seus estándares de calidade.

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 28 de decembro de 2006, acordou a súa integración no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, asinándose o convenio de incorporación en data 2 de febreiro de 2007.

No marco das obrigas adquiridas por mor da integración na devandita entidade prodúcese a presente cesión, que a Concelleira Delegada de Benestar Social, considera beneficiosa para os cidadáns, en informe de data 22 de maio de 2008, pois contribúe a de cara a dotar ó parque tecnolóxico e loxístico dun equipamento social imprescindible para mellorar as condicións de vida dos mesmos, incrementando e equilibrando o nivel de cobertura social do municipio.

Cuarto.- As cesións gratuítas de bens de dominio público carecen de regulación específica tanto na lexislación básica de carácter estatal como na lexislación autonómica. Á falta dun procedemento legal específico, a informante considera oportuno, en aras da seguridade xurídica, aplicar as cautelas establecidas no artigo 110 do RBEL para a cesión gratuíta dos bens patrimoniais. Neste senso, se solicitaron os informes mencionados no apartado terceiro dos antecedentes, e someterase a presente proposta, con carácter previo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ó informe da intervención xeral municipal e unha vez aprobada provisionalmente deberá ser sometido o acordo a un período de información pública de 20 días (artigo 110 RBEL en relación co artigo 86 LRJAP).

Quinto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe favorable da Intervención Xeral deste Concello, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Ceder gratuitamente ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o uso da parcela de propiedade municipal sita no parque tecnolóxico e loxístico desta cidade, parcela nº 16-B2, nº de inventario 4293, polo prazo de 30 anos, e con subxección as seguintes cláusulas:

- a) A entidade beneficiaria destinará a parcela á construción dun centro de día para persoas maiores.
- b) O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar está obrigado a construír o centro de día para persoas maiores no prazo dos tres anos seguintes á data de formalización da cesión. Unha vez rematada a construción e recepcionada a mesma, deberá darse traslado a esta Administración, ós efectos da súa alta no Inventario municipal de Bens e Dereitos.
- c) O cesionario deberá remitir cada cinco anos ó Servizo de Patrimonio deste Concello a documentación que acredite o destino dos bens.
- d) A presente cesión así como a futura construción deberá inscribirse polo cesionario no Rexistro da Propiedade. Na inscrición se fará constar o fin a que debe adicarse a parcela e as condicións as que se somete a cesión, así como a advertencia de que o incumprimento das mesmas dará lugar a súa resolución.
- e) A cesión se extinguirá pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:
  - a) Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a cesión.
  - b) Renuncia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a dita cesión.
  - c) Incumprimento dos fins para os que foi cedida.
  - d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada.
  - e) Disolución do consorcio.

- f) *En caso de extinción por calquera causa da cesión, as edificacións construídas sobre a parcela reverterán ó Concello de Vigo libres de cargas e gravames, sen que este teña que aboar cantidade ningunha por este concepto.*

2º.- *Vincular a parcela 16- B2 ó uso de centro de día para maiores e outorgar o exercizo das competencias demaniais relativas á mesma ó servizo de Benestar Social, a quen corresponderá promover a celebración do correspondente convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para a regulación dos termos da prestación do servizo e das instalacións afectas ó mesmo.*

3º.- *Someter o presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto nos artigos 110 do RBEL e 86 LRJAP. O presente acordo devendrá definitivo, de non formularse alegacións no período de información pública, o que se acreditará coa certificación que a este efecto expida o Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local.*

4º.-*A presente cesión deberá formalizarse en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.*

5º.- *Dar traslado do presente acordo ó vindeiro Pleno Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(1185).- CREACIÓN DE DOUS FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL E A SÚA POSTERIOR INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS. DENUNCIAS VOLUNTARIAS CONTROLADORES DA XER. EXPTE. 3473/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe xurídico de data 16.07.08 emitido pola técnica de admón. xeral de Mobilidade, Seguridade e Transportes, de conformidade co informe proposta da mesma data do xefe do servizo de Informática e Comunicacions, coa conformidade do concelleiro delegado de Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A creación dos ficheiros da Concellería de Mobilidade , Transportes e Seguridade, especificados no ANEXO, que contén a información esixida no artigo 20.2 da Lei Orgánica 15/1999 para á disposicións de creación dos ficheiros.

Segundo.- O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a confidencialidade, os dereitos e as obrigas recoñecidas na Lei.

Terceiro.- Os datos de carácter persoal dos ficheiros do ANEXO, só serán utilizados para ós fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Cuarto.- Ós datos só poderán ser cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei.

#### ANEXO

*Ficheiros de nova creación da Concellería de Mobilidade , Transportes e Seguridade do Concello de Vigo:*

1.- *FICHEIRO DE VIXIANTES DA EMPRESA QUE SE ENCARGA DA XESTIÓN DOS ESTACIONAMENTOS REGULADOS (XER).*

- a) *Finalidade do ficheiro e uso previsto: Ter a equivalencia entre o Código do Axente e os seus datos persoais, para incluílos na notificación de denuncia dos infractores do estacionamento regulado.*

- b) *Persoas ou colectivos dos que se pretende ter os datos de carácter persoal: Vixilantes da empresa que se encarga do XER.*
- c) *Procedemento de recollida de datos: Relación que a empresa que se encarga do XER, envía o Concello de Vigo.*
- d) *Estrutura básica do ficheiro: Base de Datos.*
- e) *Cesión de datos : Á empresa contratada polo Concello de Vigo, que se encarga da Xestión de denuncias.*
- f) *Órgano responsable do ficheiro:Concellería de Mobilidade , Transportes e Seguridade do Concello de Vigo.*
- g) *Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos que constan no ficheiro poderán exercerse, se é o caso, ante a Secretaría Xeral do Concello de Vigo, Praza do Rei, 1, 36202 Vigo.*
- h) *Medidas de seguridade: Nivel Básico.*
- i) *Datos de carácter persoal recollidos: Código do vixiante, DNI e Nome e Apelidos.*

2.- **FICHEIRO DE DENUNCIAS DA XESTIÓN DOS ESTACIONAMENTOS REGULADOS XER:**

- a) *Finalidade do ficheiro e uso previsto: Coñecer ós vehículos infractores do estacionamento regulado, para tramita-los procedementos de notificación e sanción se procede.*
- b) *Persoas ou colectivos dos que se pretende ter os datos de carácter persoal: Vehículos infractores.*
- c) *Procedemento de recollida de datos: Boletín que a empresa que se encarga do XER, envía o Concello de Vigo.*
- d) *Estrutura básica do ficheiro: Base de Datos.*
- e) *Cesión de datos : Á empresa contratada polo Concello de Vigo, que se encarga da Xestión de denuncias.*
- f) *Órgano responsable do ficheiro:Concellería de Mobilidade , Transportes e Seguridade do Concello de Vigo.*
- g) *Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos que constan no ficheiro poderán exercerse, se é o caso, ante a Secretaría Xeral do Concello de Vigo, Praza do Rei, 1, 36202 Vigo.*
- h) *Medidas de seguridade: Nivel Medio.*
- i) *Datos de carácter persoal recollidos: Código do vixiante, Matrícula do Vehículo infractor, Lugar e data e hora da infracción.*

**33(1186).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE DÚAS OBRAS DO MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO PARA EXPOSICIÓN “DE VIGO A BOS AIRES, LAXEIRO E A PINTURA GALEGA DE POSGUERRA” DA FUNDACIÓN LAXEIRO PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 71/339.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta da técnico medio da Casa Galega da Cultura, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o préstamo á Fundación Laxeiro das seguintes obras:

Minguillón, Julia [Pintura]

Sen título : [Francisco Fernández del Riego] [Óleo sobre papel]: [Retrato de Francisco Fernández del Riego. Leva na man dereita un xornal dobrado e apoia a cabeza na man esquerda. No ángulo superior esquerdo aparece unha ventá en forma de fornela pola que se divisa un fragmento da paisaxe: a Punta do Rodeiro en Viveiro / [Firma:] J. Minguillón. -- ([1949-1951]). -- Ilustracións : 80x67 cm; Soporte: 97x83 cm.-- Estado de conservación: bo. -- NM 37. -- FR-PI-21 R.37

Valor a efectos do seguro 30.000,00 euros (trinta mil euros)

Díaz Pardo, Isaac [Pintura]

Sen título: [Nús] [Oleo sobre lenzo] : [Catro figuras espidas. No centro do lenzo unha muller ergueita coas mans na cabeza; a súa esquerda outra muller inclinada cara adiante cos brazos envolvendo a cabeza. Detrás outra figura bebendo dunha cantimplora. A dereita do lenzo unha figura parece medir cun compás a coxa da muller ergueita] / [Firma:] Díaz Pardo. -- (1953). -- Ilustracións : 89x79 cm; Soporte: 108x97 cm. -- Estado de conservación: bó. -- NM 16. -- FR-PI-22 R.16

Valor a efectos do seguro 25.000,00 euros (vintecinco mil euros)

As obras que se prestan forman parte da exposición permanente da colección de arte galega do Museo Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa 2, 36202 Vigo).

O destino do préstamo é a exposición "DE VIGO A BOS AIRES, LAXEIRO E A PINTURA GALEGA DE POSGUERRA" que se celebrará na Planta Baixa da Casa das Artes de Vigo do 30 de xullo de 2008 ao 31 de agosto de 2008, e na Sala de Exposicións do Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela do 9 de setembro de 2008 ao 20 de xaneiro de 2009.

Segundo.- O préstamo á Fundación Laxeiro efectúase conforme as seguintes condicións:

- a) O prestatario responsabilizarase de que se cumpran as correctas medidas de manipulado, transporte, exhibición, e seguridade; así como de calquera dano ou roubo que puidera sufrir as obras prestadas polo que deberá contratar a póliza de seguro "cravo a cravo" coas cláusulas especiais para obras de arte polo valor indicado polo prestador. Con antelación suficiente á saída da obra, o prestatario deberá proporcionar un certificado desta póliza.
- b) O período de cobertura da póliza de seguro comprenderá, como mínimo, dende o día da saída do préstamo da Casa Galega da Cultura ata o día de entrada (inclusive) do mesmo na Casa Galega da Cultura.
- c) As obras prestadas deberán expoñerse enmarcadas en cristal ou en vitrina pechada.
- d) O transporte das obras realizarase por unha empresa especializada en obras desta natureza; o lugar de recollida e entrega será a Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2. Vigo.
- e) Ademais dos datos de identificación das obras que figurará na exposición e no catálogo tamén se incluírá a referencia: "Museo Francisco Fernández del Riego. Concello de Vigo".
- f) O valor da obra a efectos de seguro é de 55.000,00 € (cincuenta e cinco mil euros).
- g) O prestatario asumirá as obrigas que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual, en caso de realizar algún tipo de reprodución ou difusión da obra prestada.
- h) O prestatario entregará gratuitamente ao Museo Francisco Fernández del Riego un mínimo de 5 exemplares do catálogo da exposición e publicacións que se edite sobre a exposición".

### **34(1187).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA OBRA "MERCADO" DE MANUEL TORRES MARTÍNEZ. EXPTE. 3193/337.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 15 de xullo emitido polo director do Museo Quiñones de León, coa conformidade da concelleira-presidenta da Xunta Reitora do Museo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o préstamo temporal á Fundación Laxeiro, para a exposición itinerante "DE VIGO A BOS AIRES, PINTURA GALEGA NA POSTGUERRA", a celebrar entre o 31 de xullo e o 31 de agosto de

2008 en Casa das Artes, Vigo, e dende o 9 de setembro de 2008 ao 10 de xaneiro de 2009 no Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela; da seguinte obra da colección de arte galega do museo municipal de Vigo "Quiñones de León": "Mercado", de Manuel Torres Martínez Nº INV. 389, conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

**35(1188).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN ESTUDO DE TRANSPORTES AO PARQUE TECNOLÓXICO E ESTUDO DE TRANSPORTE AO CAMPUS UNIVERSITARIO LAGOAS-MARCOSENDE. EXPTE. 74785/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 15.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 74785-210.

2º.- Autoriza-lo gasto de 60.000 euros para a prestación do servizo de redacción de estudos de plans de transporte, coa seguinte dotación por lotes:

Lote 1. Estudo do plan de transporte ó Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares: 30.000 euros.

Lote 2. Estudo do plan de transporte ó campus Universitario Lagoas Marcosende: 30.000 euros; que se imputarán á partida presupuestaria 2220.227.06.05 do vixente presuposto.

3º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 27-06-2008 e o prego de prescripción técnicas para a contratación do servizo de redacción de estudos de plans de transporte.

Lote 1. Estudo do plan de transporte ó Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares.

Lote 2. Estudo do plan de transporte ó campus Universitario Lagoas Marcosende.

4º.- Consultar con cinco empresarios capacitados para a execución do contrato.

**36(1189).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRAS "ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 753/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta emitido polo xefe da área dos Servizos Económicos con data 14 de xullo de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra "Acondicionamento, mantemento e reparación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo".

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria MOVEX VIAL, SL, a cal á súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á Autoridade Laboral competente, ó servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, do 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a), b), c), d),.

e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervincentes ou concorrente na obra e ós representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real decreto 1627/1997).

**37(1190).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA SNAVES DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 713/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.07.08, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a Planificación, Desenvolvemento e Xestión de Construcións S.A. (G.P.D.) o presuposto de execución por contrata polo importe total íve incluído de 159.994 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 21-04-2008 e a oferta presentada .

**38(1191).- SOLICITUDE DE AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A PROGRAMAS DE ACCIÓNS DE CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000. EXPTE. 5815/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 17.07.08, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar ao abeiro da orde do 6 de xuño a concesión dunha subvención para edictar e imprimir unha guía didáctica escolar das Illas Cíes, con enlace na rede Internet.

2º.- Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo a representación para subscribir a solicitude.

**39(1192).- PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DO CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIONES A REHABILITAR. EXPTE. 4720/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico de Admón. Xeral, o director da Oficina de Planeamento e Xestión, a Xerente municipal de Urbanismo e o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

*O 11.12.06 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo tomou coñecemento do informe xurídico emitido polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11.12.06 no que se constataba a necesidade de elaborar a ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares y a súa posterior constitución.*

O mesmo día, o Concelleiro Delegado de Urbanismo, resolveu o seguinte: "(...) resultando evidente o interese público da constitución dun Rexistro Municipal de Soares, así como da delimitación de áreas prioritarias de edificación formzosa, resolvo INCOAR o correspondente procedemento, que se tramitará na forma legalmente establecida (...)".

En data 8.07.08 o técnico da admón xeral da oficina de planeamento e xestión, asina proposta de "Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar".

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Necesidade de constituir o Rexistro de Soares.- A Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, trata de fomentar o uso das medidas que teñen os Concellos para a intervención no mercado do solo. O propio Preámbulo estima como necesario o impulso á constitución formal dos rexistros de soares e dos patrimonios públicos do solo. Sen prexuízo que a constitución formal do rexistro de soares non ten unha relación directa coa xestión, administración e control do Patrimonio municipal do solo, a recente Lei aludida con anterioridade, esixe que con carácter previo á calquera acto de disposición de bens se teña constituído o rexistro de soares e o Patrimonio municipal do solo. A dicción literal da Lei, no punto segundo do reformado artigo 177 da Lei 9/02, do 30 de decembro, establece: "(...) Non se poderán allear ou permutar bens do patrimonio público do solo ata tanto este e o rexistro de soares se constituán formalmente (...)".

2.- Sobre a necesidade de constituir formalmente o Patrimonio Municipal do Solo.- Trátase dunha cuestión superada pola Doctrina, no sentido de entender que o PMS non precisa dun acto de constitución formal. Son maiores as voces que entenden eludible o requisito formal de constitución, sobre todo para aqueles municipios obrigados a dispor de Plan Xeral de Ordenación Municipal. A escasa Xurisprudencia recopilada, conclúe que a aplicación da normativa reguladora do PMS debe facerse ope legis. Sirva como exemplo a STS de 5.5.86 –RX 2807-, STSX País Vasco 6.5.96, STSX Canarias de 5.06.98, STS 29.09.04 –RX 304864-. Pese a que o Concello de Vigo en todos os actos de disposición e administración está a observar a normativa urbanística sobre o Patrimonio municipal do solo (Título V do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e o no capítulo I, do Título V da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), procede a adopción dun acordo de constitución formal do Patrimonio municipal do solo.

3.- Análise da ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar.- A ordenanza para a que se propoñe a súa aprobación, consta dunha Exposición de Motivos, un Título Preliminar, dos Títulos, unha disposición adicional e final.

Son tracionais obrigas dos propietarios de solo e edificacións, as de edificación en prazo e mantemento en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación. Na lexislación urbanística se establecen varios mecanismos tendentes para obrigar aos propietarios ao cumprimento das anteditas cargas. Un dos mecanismos, é o Rexistro de soares e edificacións a rehabilitar. O mesmo ven regulado no Capítulo I, do Título VI da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Con carácter supletorio aínda sigue vixente o Decreto 625/1964, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento de Edificación Forzosa e Rexistro municipal de soares.

Tense que salientar que no artigo 4º prevense os supostos nos que un solo ou unha edificación é susceptible de ser incluído no Rexistro de soares ou edificacións a rehabilitar. Tra-la entrada en vigor da Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, son susceptibles de ser incluídos no Rexistro, os soares que deban necesariamente ser destinados a uso residencial sometido a algún réxime de protección pública. Desta forma, pode darse cumprimento o mandato legal de acompañar a execución do solo residencial vivenda protexida e a libre (artigo 189.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, modificado pola Lei 6/2008, de 19 de xuño).

O prazo previsto para o cumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar, dependerá da natureza do inmovible e a clasificación ou situación do solo. No artigo 8º se articula un procedemento para a inclusión dos inmovibles no Rexistro de Soares. Destaca por ser unha tramitación que garante os dereitos dos propietarios e reproduce o disposto para o efecto ó Decreto 625/1964, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento de Edificación Forzosa e Rexistro municipal de soares.

No Título segundo, prevense as consecuencias de non edificar en prazo. Son tres supostos que están previstos na Lei 9/02, do 30 de decembro e nalgún punto alterados polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo. A primeira consecuencia é a de expropiación por incumprimento da función social da propiedade. Por outra parte, régúlase a posibilidade de acudir á venda forzosa (figura idéntica á prevista na lexislación comunitaria, denominada “axente edificador”) e a substitución forzosa.

Por último, na única disposición adicional se realiza unha proposta de organización do Libro de Soares e Edificacións a rehabilitar. Coas particularidades propias do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais, sería desexable que dispoñan dun sistema similar de organización dos libros do Rexistro de Soares e do Inventario de bens integrados no Patrimonio municipal do solo.

4.- Procedemento e órgano competente para a aprobación da ordenanza.- A ordenanza deberá darse aprobación polo procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo que se aproba a Lei de bases de réxime local. Así mesmo, tendo en conta o Título X do mesmo texto legal (título introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro), o procedemento será o seguinte:

- a) Aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local (artigo 127.1 da Lei 7/85).
- b) Dictamen do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo (artigo 82.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Administracións Públicas).
- c) Aprobación inicial polo Pleno.
- d) Información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.
- e) Resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva do Pleno.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente aprobada. Para a adopción dos acordos nos diferentes órganos, require maioría simple.

Unha vez aprobada definitivamente, a ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Unha vez publicada, a súa entrada en vigor, quedará condicionada ó transcurso do prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

Con respecto á constitución formal do Patrimonio municipal do solo, trátase dun acto inmediatamente executivo dende a data de adopción do acordo plenario.

Por todo elo, á vista do informado, **PROPONSE ao Pleno do Concello de Vigo, previa aprobación da Xunta de Goberno Local** e subseguinte dictame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar”, cuxo texto se incorpora ó presente informe-proposta como Anexo I (expte 4720/401).

2.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante publicación no BOP de Pontevedra e nun diario de maior difusión da provincia.

3.- De acordo co previsto no artigo 177.2 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (na súa redacción da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo), entender por constituído formalmente o Patrimonio municipal do solo.

## ANEXO I

### ORDENANZA REGULADORA DO CONTIDO, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS A REHABILITAR.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tra-lo recoñecemento constitucional do dereito de propiedade (artigo 33), se establécese un mandato aos poderes públicos no sentido de establecer normas para que o solo sexa utilizado de acordo co interese xeral. Os propietarios, sexan de soares ou de edificacións, teñen a obriga de destinar aos que non sexan incompatibles coa ordenación territorial e urbanística, conservalos en condicións legais para servir de soporte a dito uso e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato legalmente esixibles (artigo 9 da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo e da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia). Por outra parte, é obriga dos propietarios do solo a de edificación no prazo legalmente establecido.

Para garantir o cumprimento das obrigas descritas con anterioridade, o Ordenamento Xurídico faculta ás Administracións para a intervención na esfera xurídica dos propietarios. De tal xeito, o Decreto de 23 de maio de 1947 foi o primeiro instrumento nos que se establecía en certos supostos a obriga de edificar e rehabilitar aos propietarios que incumpriran os seus deberes. En virtude da disposición transitoria sexta da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, continúa en vigor o Decreto 635/1964, de 5 de marzo polo que se aproba o regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares con carácter supletorio.

Dentro do Título VI da Lei 9/2002, de 30 de decembro (“Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística), regulase no Capítulo primeiro diversas medidas tendentes ao fomento da edificación. Baixo a normativa aludida con anterioridade elaborase o presente regulamento.

A importancia do Rexistro municipal de soares e edificacións, se veu incrementada tra-la aprobación e publicación da Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo e que modifica a Lei 9/2002, de 30 de xuño, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Na mesma, vincúlase calquera acto de alleamento dos bens integrantes do Patrimonio municipal do solo, á previa constitución do Rexistro de soares.

A ordenanza está composta dun Título preliminar e Tres títulos. No preliminar defínense as características básicas do contido da Ordenanza e os supostos de inclusión. No Título Primeiro regulanse os prazos do cumprimento do deber de edificación e as consecuencias do seu incumprimento. Por último, no Título Segundo, atópase dividido a súa vez por catro capítulos, nos que se regula a posibilidade de acudir á expropiación, venda e substitución forzosa.

Na disposición adicional única establécese a estrutura básica e organización do Libro Rexistro.

#### TÍTULO PRELIMINAR

Artigo primeiro.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do contido, organización e funcionamento do Libro Rexistro Municipal de soares e edificacións a rehabilitar ou edificar, de conformidade co disposto no artigo 188 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e normativa que con carácter supletorio está vixente.

*O Rexistro que se crea co presente regulamento ten natureza pública, tendo todos os cidadanos o dereito do acceso e información nos termos que dispoñe a lexislación vixente e coas limitacións derivadas da aplicación da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.*

*Artigo segundo.- Ámbito de aplicación.*

*O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de soares e edificacións a rehabilitar ou edificar comprende todos os inmobles que foran incluídos no mesmo dentro do Término municipal de Vigo.*

*Artigo terceiro.- Forma.*

*O Rexistro levarase por medio de libros, puidendo instrumentarse a través de calquera dos medios informáticos que faciliten a xestión e sexan compatibles coa Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*

*A organización do Rexistro levarase a cabo de acordo coa estrutura que ven relacionada na disposición adicional primeira.*

*O Rexistro ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterase en condicións de pública consulta, a disposición de calquer cidadán, sen que resulte necesario acreditar a condición de interesado.*

*Artigo cuarto.- Supostos de inclusión no Rexistro.*

*Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de soares e edificacións, os inmobles que se encontren nalgunha das seguintes situacións:*

- g) Soares non edificados, que carezan de edificacións, permanentes ou parte dos mesmos non utilizados e susceptibles de aproveitamento pola normativa urbanística.*
- h) Soares non edificados, cuxo uso sexa residencial destinado á construción de vivenda sometida a algún réxime de protección pública.*
- i) Construcións paralizadas, que son aquelas obras que quedan abandonadas ou suspendidas.*
- j) Soares nos que o Concello ten unha participación en pro indiviso.*
- k) Edificacións derruidas, nas que se den algún dos seguintes supostos:*
  - Edificacións nas que desaparecera como mínimo o 50% do volume aproveitable na construción.*
  - Edificacións declaradas inhabitables en máis dun 50% da súa capacidade.*
  - Edificacións ruinosas, que son as así declaradas por resolución firme conforme a lexislación vixente. A declaración de ruína conleva a inscrición de oficio no Rexistro.*
- l) Edificacións inadecuadas, entendendo por tales:*
  - As que teñan un volume inferior ao 50% do mínimo autorizado polas Ordenanzas de edificacións en relación coa superficie aproveitable.*
  - As que en máis dun 50% do seu volume ou a superficie construída estea destinadas a uso urbanístico contrario ao previsto na ordenación urbanística.*
  - As que, ademais de estar en manifesta desproporción coa altura legalmente autorizada e executada na zona, desmerezan polo seu estado, condición ou clase das demais do ámbito.*

- *As edificacións provisionais que se estiman inadecuadas, agás cando a lexislación vixente dispoña outra cousa.*

*Artigo quinto.- Órganos competentes.*

*As funcións instrumentais de estudio e xestión relativas o Rexistro, están encomendadas á Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo (artigo 2.a dos vixentes estatutos).*

*Dentro da Xerencia municipal de urbanismo, será o Área de Xestión e Planeamento a encargada da levanza e control do Rexistro municipal, agás que se trate de edificacións ou soares que estean dentro do ámbito dun barrio histórico da cidade de Vigo que contará coa colaboración da Oficina de Barrios Históricos.*

#### **TÍTULO PRIMEIRO.-**

*Artigo sexto.- Deber de edificar os soares.*

*O momento a partir do cal os propietarios de soares e de construción en ruina ou inacabados deberán emprender a edificación é o seguinte:*

- *Nos inmobles sitos en solo urbano consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará no momento da aprobación da ordenación detallada (aínda que os terreos non teñan a condición de soar).*
- *Nos inmobles que están en solo urbanizable ou urbano non consolidado, o prazo comenará no momento da conversión dos terreos en soares.*

*O contido do presente artigo, é extensible ao resto de inmobles descritos no artigo 4º da presente Ordenanza.*

*Naquel caso no que o planeamento ou órgano competente, prohíba a substitución total ou parcial das edificacións existentes ou impoña a conservación de determinados elementos ou a súa rehabilitación integral, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar, respectando, ao materializarse os correspondentes aproveitamentos urbanísticos, os elementos dotados de protección.*

*Artigo sétimo.- Prazos para a edificación.*

*O prazo para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar é o seguinte:*

*a) No caso dos soares, será de dous anos, salvo que o planeamento xeral ou de desenvolvemento especifique outro menor, dende a comunicación do acordo de inclusión no Rexistro.*

*b) No suposto de construcións ruinosas, derrubadas ou inadecuados o prazo de nova edificación destas fincas será en todo caso de dous anos dende o momento no que se notifique o acordo de inclusión no Rexistro.*

*Poderá instarse unha prórroga dos prazos para a edificación/rehabilitación. En todo caso, deberá solicitarse con anterioridade ao transcurso do prazo previsto e no caso de ser estimada, non poderá superar o prazo dun ano. A mesma deberá ser por causas xustificadas e motivada. Non se concederá prórroga para a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección se xa se outorgasen licenzas para construír a metade da edificabilidade residencial destinada a vivenda libre prevista no polígono no que se localice o soar.*

*De acordo co establecido no artigo 18.1 da Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo de Galicia, a transmisión das fincas non modifica a situación do titular respecto dos deberes do propietario de edificar ou rehabilitar en prazo. O novo titular queda subrogado nos dereitos e deberes do anterior propietario.*

*Artigo octavo.- Procedemento para a inclusión dos inmobles no Rexistro.-*

*Unha vez vencidos os prazos para cumprir os deberes de edificación ou rehabilitación (con ou sen prórrogas) ou non executada ao ritmo normal previsto, procederase á súa inscrición conforme ao procedemento seguinte:*

- d) Iniciación do expediente: O expediente poderá ser incoado de oficio, por iniciativa do Concello, requerimento doutra Administración ou por situde de calquera persoa física ou xurídica. Nos dous últimos casos, deberase acompañar fundamentación de que o propietario do soar ou edificación incumprira os seus deberes urbanísticos e deberase acompañar dunha memoria valorada das obras precisas, un anteproxecto das mesmas e un documento no que se determinen as garantías que se ofrecen á Administración en relación coa súa execución.*
- e) Outorgamento dun trámite de audiencia ós propietarios, titulares de dereitos reais, arrendatarios, ocupantes ou titulares de calquera dereito que consten no Rexistro da Propiedade ou sexan comunicados polos interesados: Os propietarios están obrigados a comunicar calquera modificación ou alteración da titularidade do inmovible. Así mesmo, están obrigados a comunicar se o inmovible está arrendado ou existen outros titulares de dereitos reais ou doutro tipo. Acto seguido, procederase o outorgamento dun trámite de audiencia a todas as persoas interesadas que consten no expediente.*
- f) Resolución do expediente: Unha vez informadas as alegacións, naquel caso que se presentaran, procederá a resolución do expediente no prazo máximo de tres meses. A competencia para a resolución do expediente, corresponde ao Presidente da Xerencia municipal de urbanismo. En todo caso resolverase do seguinte xeito:*
  - Declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico que motivou a incoación ou, no seu caso, a improcedencia de tal declaración.*
  - Resolución de inscrición do inmovible no Rexistro.*

**TITULO SEGUNDO.-**

**CAPÍTULO PRIMEIRO**

*Artigo noveno.- Anotación no Rexistro da Propiedade.-*

*Unha vez resolta a inclusión no Rexistro Municipal de Soares dunha finca, remitirase oficio ao Rexistro da Propiedade solicitando expresamente a práctica de nota marxinal na que conste a notificación ao titular ou titulares rexistrados. O título inscribible será o certificado emitido polo Secretario da XMU no que se contenga a transcripción literal da resolución da inclusión dunha finca no Rexistro Municipal de Soares.*

*Esta nota relacionarase nas certificacións de cargas que se expidan e se cancelará por caducidade, transcorridos cinco anos dende a súa data, se non constare no Rexistro da Propiedade asento acreditativo de modificación de prazo ou do procedemento de venda ou substitución forzosa.*

*Se o inmovible incluído no Rexistro de Soares non estivera inmatriculado no Rexistro da Propiedade ou non constara o nome do propietario, extenderase anotación preventiva, que caducará ós catro anos.*

*Artigo décimo.- Resolución declarativa do incumprimento do deber de edificación ou rehabilitación forzosa.-*

*Transcorrido o prazo de dous anos dende a inclusión do inmovible no Rexistro, sen que conste comunicación do inicio das obras ou canto menos se acreditara a imposibilidade de obter a licenza necesaria, a Xunta de Goberno Local declarará o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar. No mesmo acto, se acordará a aplicación da expropiación, venda ou substitución forzosa.*

## *CAPÍTULO SEGUNDO.-*

*Artigo décimo primeiro.- Expropiación por incumplimento da obriga de edificar.*

*A expropiación por incumplimento da función social da propiedade poderase aplicar por inobservancia dos prazos establecidos para a edificación dos terreos ou, en xeral, dos deberes básicos contidos na lexislación urbanística.*

*Constatado o incumplimento do prazo, o Concello o porá en coñecemento do propietario, requeríndolle para cantas obrigas lle sexan esixibles. Se transcorren seis meses dende dito requerimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente expropiatorio.*

*Para a determinación do valor de expropiación, teranse en conta as normas de valoración previstas no Real Decreto 2/2008, de 20 de xuño, do solo e demais normativa que as desenvolvan ou substitúan.*

*Artigo duodécimo.- Edificación das parcelas expropiadas por incumplimento do deber de edificar.*

*Os inmobles expropiados formarán parte do Patrimonio municipal do solo e deberán ser destinados ás finalidades previstos na lexislación vixente. En todo caso, no prazo de seis meses dende a expropiación de parcelas por incumplimento do deber de edificar ou rehabilitar, o Concello resolverá sobre o modo de levar a cabo a edificación ou rehabilitación. Podrá ser beneficiario da expropiación outra Administración Pública que asumirá a obriga de edificación ou rehabilitación.*

*O incumplimento por parte do Concello do prazo de dezoito meses para comenazar a edificación e a rehabilitación habilitará ao antigo propietario a solicitar a reversión.*

## *CAPÍTULO TERCEIRO.-*

*Artigo décimo terceiro.- Venda forzosa.*

*O Concello realizará a venda forzosa dos inmobles no Rexistro, conforme ao sinalado no acordo de inclusión e na forma establecida nos artigos seguintes.*

*O prezo obtido como resultado da aplicación do tipo de licitación entregarase ao propietario previa liquidación e deducción de cantas cargas tivera o mesmo co Concello.*

*Artigo décimo cuarto.- Procedemento de licitación.*

*Constatado o incumplimento do prazo, o Concello o porá en coñecemento do propietario, requeríndolle para cantas obrigas sexan esixibles. Se transcorren seis meses dende dito requerimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente para a venda forzosa.*

*O Concello venderá forzosamente os inmobles incluídos no Rexistro a través do procedemento no que se garante a concorrencia e a publicidade.*

*Naquel caso en que o procedemento quedara deserto, convocarase novo procedemento no que se pode proceder a unha nova valoración. Así mesmo, no prazo de seis meses dende a declaración de deserto, poderá acordar a adquisición do inmovible para integralo no Patrimonio municipal do solo polo tipo de licitación do último concurso.*

*Naquel caso no que se opte pola xestión da por medio dunha persoa física ou xurídica colaboradora, deberá convocarse procedemento de contratación no que se garante en todo caso a publicidade e a concorrencia para a selección do axente edificador. A Administración valorará as distintas propostas tendo presente entre outros factores o prezo e o réxime das vivendas resultantes.*

*Artigo décimo quinto.- Cese de efectos.-*

*Transcorrido o prazo de dezaoto meses dende a incoación do expediente para a venda forzosa sen que sexa adxudicado ou acordada a súa adquisición directa, a inclusión do inmovible no Rexistro de soares quedará sen efectos. Tal circunstancia comunicarase ó Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.*

*CAPÍTULO CUARTO.-*

*Artigo décimo sexto.- Substitución forzosa.-*

*Unha vez constatado o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar en prazo, o Concello poderá acordar a substitución forzosa. A mesma terá por obxecto a facultade de edificación para impoñer o seu exercizo en réxime de propiedade horizontal co propietario actual do solo.*

*Artigo décimo sétimo.- Procedemento.-*

*Unha vez acordado o incumprimento dos deberes establecidos na presente ordenanza e a aplicación do réxime da substitución forzosa, se tramitará o correspondente expediente de contratación no que se garantan os principios de publicidade e concorrencia. Acto seguido, o Concello remitirá ó Rexistro da Propiedade certificación do acordo para a súa constancia por nota ó marxe da última inscrición de dominio.*

*Artigo décimo oitavo.- Cese de efectos.-*

*Transcorrido o prazo de dezaoto meses dende o acordo de aplicación do réxime da substitución forzosa, sen que sexa adxudicado o procedemento, a inclusión o inmovible no Rexistro de soares quedará sen efectos. Tal circunstancia se comunicarase ao Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.*

*Disposición adicional única.- Organización do Libro Rexistro de Soares e Edificacións a rehabilitar.*

*O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a Rehabilitar, constará de:*

- Libro índice: No Libro índice constarán os inmovibles incluídos no Rexistro Municipal de Soares e Edifícios a Rehabilitar, ordeados alfabéticamente polo nome da rúa e polo número que ten atribuído polo departamento de Estadística do Concello. Farase constar o tomo, sección, folio e número de soar ou edificio, facilitando a rápida localización da finca obxecto de consulta.*
- Tomos: O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a Rehabilitar, constará dun total de 8 tomos, correspondentes cos distritos que veñen delimitados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.2008.*
- Seccións: En cada tomo, diferenciaranse dúas seccións, unha destinada a soares e outra a edificacións.*

*O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a Rehabilitar expresará respecto de cada edificio ou soar as circunstancias seguintes:*

- Datos de situación: Emprazamento, rúa e número; Distrito; Barrio.*
- Datos catastrais: Referenza catastral; Superficie.*
- Datos rexistrais: Número de Rexistro, Libro, Tomo, Folio, Finca, Inscrición, Descrición.*
- Datos administrativos: Número de expediente administrativo; Orden de edificación e prórrogas concedidas; Declaración en situación legal de ruina/orde de execución incumprida; Declaración de*

*incumplimento de deberes urbanísticos; Orden de inclusión; Motivo de inclusión; Outras Resolucions que lle afecten; Cancelación; Motivo de cancelación.*

- *Observacións.*
- *Circunstancias urbanísticas: Con carácter informativo incorporárase un informe sobre a situación urbanística na que se faga mención á clasificación, calificación, superficie, uso global, específico, número máximo de plantas e un plano de ubicación.*

*Disposición final.-*

*O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba o proxecto de “Ordenanza reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar”, que consta no precedente informe.

#### **40(1193).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS E INNOVADORES EN MATERIA DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 3462/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 17.07.08, conformado polo concelleiro delegado de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 7 de maio de 2008 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOGA núm. 98 do 22 de maio de 2008, pola que se convocan axudas e subvencións dirixidas a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, por importe de 20.000 €

#### **41(1194).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUS SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO CEIP “DR. EIJO GARAY” E NO CEIP “RÍA DE VIGO”. EXPTE. 9330/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 14.07.08, conformada pola concelleira da Área de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la redacción do proxecto e execución de obras de instalación dun sistema de calefacción de gas natural de acordo cos seguintes lotes:

Lote 1: CEIP Dr. Eijo Garay

Lote 2: CEIP Ría de Vigo

cun presuposto total de 250.000 euros, que se imputarán á partida 4220.623.00.00, de acordo a seguinte dotación por lotes:

Lote 1: 130.000 euros, dos que 112.068,97 corresponden o prezo sen IVE, e 17.931,03 corresponden o IVE

Lote 2: 120.000 euros, dos que 103.448,28 corresponden o prezo sen IVE e 16.551,72 corresponden o IVE.

2º.- Aprobalo prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado con publicidade da redacción do proxecto e execución de obras de instalación dun sistema de calefacción de gas natural no CEIP “Dr. Eijo Garay” e no CEIP “Ría de Vigo”, así como a súa Folla de Especificacións do Contrato.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 250.000 euros, con cargo á P. 4220.623.00.00, para a redacción do proxecto e execución de obras de instalación dun sistema de calefacción de gas natural no CEIP “Dr. Eijo Garay” e no CEIP “Ría de Vigo”.

4º.- Convoca-la licitación para a selección do contratista por procedemento negociado con publicidade.

**42(1195).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.